


# Altamira



**CONCELLO DE BRION**

**FEBREIRO-88**

**ANO III**

**Nº 9**

- **SANEAMENTO DO GANDO:** A viaxe a Dinamarca e Alemania
- **OS NOVOS PRESUPOSTOS:** Ingresos e Gastos
- **O SIDA:** Unha nova enfermidade
- **AS VENDAS AMBULANTES:** Un negocio con riscos
- **OS POETAS DA CASA DE ALTAMIRA**

**Director:**

Xoan R. Pais Andrade

**Consello de Redacción:**

Manuel Vidal Cajuso  
 Afrodiscio J. Montero Vieites  
 Xosé Freire Caamaño  
 Xácobe Pérez Paz  
 Dora Mirá Pérez  
 Luciano Pena Andrade  
 María Xosé Moldes Pose  
 Xosé Caramés Vázquez

**SUMARIO**

Editorial .....	2
Entrevista .....	3-4
Actualidade: O SIDA ....	5
Dossier: Os Presupostos ..	6-7
Divulgación: As ventas ambulantes .....	8
Noticieiro .....	9-12
Lembranzas: Poetas da casa de Altamira .....	13
Pasatempos .....	14

**EDITORIAL****Actualidade Política Galega**

Non sabemos de certo se Galicia é un caso tan atípico na política xeral do Estado Español que se escapa a toda posibilidade de explicación ou, pola contra, Galicia presenta, como Comunidade, unhas características tan peculiares que á forza ten que responder doutros xeitos menos xerais a tódalas expectativas que a cada paso xurden dentro do panorama político actual.

A descomposición política que sofre o noso pequeno país dende as últimas eleccións Autonómicas (celebradas en novembro do 85) nas que a agrupación política de Coalición Popular estivo nun "tris" de acadar a maioría absoluta no Parlamento Galego foi tan perxudicial, que durante estes dous últimos anos todos tivemos a sensación xeral de estar nun desgobierno permanente.

A coalición gobernante conservadora, que ostentou o Goberno Galego ata agora, artellada en torno ó partido principal de Alianza Popular, tivo dende sempre en Galicia uns fáciles éxitos alcanzados máis polo atraso cultural e económico e as vellas estruturas caciquís, que polas mensaxes políticas coherentes que levasen artellado un programa de actuación política verdadeiramente estudado e eficaz, e que respondese ós problemas reais con que se atopa a nosa Comunidade.

Este fácil éxito, sen aparentemente contrapartida nin esixencia política algunha por parte dun electorado manexable e un nacionalismo descoordinado, cando non, oportunista, así como dunha falta de oposición verdadeiramente sensibilizada coa realidade e decidida a para-lo desorde que evidenciaba a ineptitude de numerosos cargos, propiciou todo un mercado político en busca de homes influíntes e persoas de prestixio, que salvase a imaxe externa do partido que claramente amosaba un gran desconcerto á hora de gobernar, tanto como unha total carencia de directrices a seguir, programa a desenrolar e mando a quen obedecer.

A política de compra material de vontades políticas a calquera precio coa finalidade de acadar

la maioría absoluta que lles permitise gobernar sen problemas (a pesares da falta absoluta dun programa político de actuacións) desatou a primeira crise política no seo dun partido que vendía unha imaxe reformista, e que propiciaba unha maior honestidade nas xestións públicas, levando a esta agrupación á súa ruptura a poucos meses das eleccións.

A ambición política do vicepresidente da Xunta, Xosé Luis Barreiro (que era quen en realidade sostíña o sector máis operativo do Goberno Galego) levouno a enfrentarse co propio presidente Xerardo Fernández Albor, resolvéndose este segundo "raund" da crise coa escisión de nove deputados galegos de Coalición Popular co vicepresidente ó frente.

Finalmente, o propio Manuel Fraga, anunciando a súa propia candidatura para as próximas eleccións Autonómicas mentras se preparaba con moitísimo esforzo a Lei que permitise a súa anticipación que viñese a estabiliza-lo goberno de Albor, desencadeou a presentación inmediata, por parte do Partido Socialista, dunha moción de censura, apoiándose nas forzas políticas dos dous partidos máis manobreiros e oportunistas de todo o panorama político, e que tiñan, con este apoio, a única posibilidade de seguir no candeeiro do poder.

O resto, xa é cousa pasada e sabida. Na actualidade estamos estreando o novo goberno artellado en torno a tres partidos, no que destaca o Partido Socialista co seu presidente ó frente: Fernando González Laxe.

Ainda que a sabiduría popular concédelle máis credibilidade ó novo goberno sintetizado na frase popular: "Peor non o poden facer..." o seu éxito dependerá exclusivamente de que a súa acción de goberno conecte dunha forma clara coa realidade problemática de Galicia, e aporte solucións reais canto antes... e iso aínda está por ver. De momento, toda opción nova só desperta novas esperanzas e neste caso agardamos non saír novamente defraudados, pois a situación non está para xogos políticos nos que exclusivamente saian gañando os políticos e, os demais, coma sempre, teñamos que paga-los platos rotos desta festa.



## SANTIAGO SECO FERNANDEZ: un veterinario de ideas claras

**S**ANTIAGO SECO FERNANDEZ a pesares da súa xuventude (ten vinte e seis anos) amosa unha gran experiencia na súa profesión de veterinario, ata o punto de ocupar o cargo de xefe da sección de Inspección e Veterinaria da Cooperativa Feiraco.

Ainda que é nado na cidade do Ferrol é un profesional moi vinculado co noso Concello, pois, desde hai ano e medio, leva residindo no lugar da Caxusa en Bastavales e, máis recentemente, encabezou a delegación municipal que viaxou a Alemaña e Dinamarca para mercar preto de cen cabezas de gando das mellores razas europeas, que viñan a substituír a gran parte do gando sacrificado pola recente campaña de saneamento que tivo lugar no noso Concello.

Dado o interese que suscita este tema, e para que nos fixese unha valoración global da Campaña así como conta-las impresións recollidas da viaxe coa delegación municipal, prestouse gustoso a responder á nosa entrevista.

P.— ¿Podería falarnos un pouco das características principais da recente campaña de Saneamento do gando?

R.— En primeiro lugar, destacaríase que é unha campaña organizada dende os estamentos oficiais e, polo tanto, a parte das garantías, ofrece importantes axudas económicas que, en gran medida, reducen as perdas (nalgúns casos moi importantes) que se lle ocasiona ó campesiño polo sacrificio obrigatorio das reses enfermas.

En segundo lugar, suliñar que a campaña concéntrase en detectar os animais enfermos de tuberculose e brucelose, así como efectuar, de paso, a vacinación da febre aftosa.

P.— En comparación cos outros países recén visitados coa delegación municipal, ¿qué xuízo lle merece a campaña que nós estamos a levar?

R.— A actuación nos outros países europeos contra estas enfermidades do gando fíxose hai máis de vinte anos. A característica principal foi a obrigatoriedade par tódolos campesiños que tiñan explotacións de gando e cunha revisión periódica, cada seis meses, durante catro

ou cinco anos. Esta actuación drástica xunto cunha vixilancia sanitaria das aduanas, propiciaron a erradicación deste problema. Evidentemente, isto supuxo nun principio, co sacrificio de tódolos animais enfermos, un alto custo económico, pero, á larga, trouxo unha importante mellora no rendemento das explotacións.

España, nembargantes, escolleu a opción pobre: saneamento do gando unha vez ó ano con sacrificio obrigatorio, pero que leva aparelado dous importantes defectos: que é voluntaria e que, se non se repite ó ano seguinte na mesma zona, córrese o risco de deixar focos de enfermidade. O máis importante destas campañas é a obrigatoriedade e a continuidade.

*“Se a campaña de Saneamento non se repite ó ano seguinte córrese o risco de deixar focos de enfermidade”*

P.— ¿Que vantaxes concretas supón para o campesiño galego a realización e consecución dos obxectivos da Campaña de saneamento?

R.— En primeiro lugar, con un gando san acrecéntase notablemente a produción das explotacións. Logo, a capacidade de comercialización dos produtos derivados das explotacións de gando saneado por canto teñen acceso a novos mercados que nos están vedados pola falta de garantías sanitarias.

Tamén a cabaña saneada supón, a parte do aforro que conleva para os Organismos Oficiais correspondentes, podendo deriva-los custos de Campaña hacia outros sectores, un aumento do precio quilo-carne, ó non verse o campesiño obrigado a vender as cabezas de gando enfermas que, nestes intreos, están saturando o mercado e, por tanto, mantendo os prezos moi baixos.

Finalmente, destacaríase sobre todo, que o fin último da Sanidade Animal é a Sanidade nosa, pois dúas destas enfermidades que se están tratando de erradicar son transmisibles ó home.

P.— ¿Cómo foi a acollida desta campaña polos veciños de Brión?

R.— A pesares de que a Campaña de saneamento tiña a condición de voluntaria, a boa imaxe que foi despertando fixo que case todo o mundo se acollera a ela. Ainda que estivese temendo que chegara, cando se decidiu fíxoo con tódalas consecuencias e coa esperanza que haxa continuidade outro ano.

Hai que recoñecer que o esforzo económico que isto lle supón para o campesiño é moi duro, pois houbo veciños que se lle eliminou todo o estable.

## *“Á campaña hai que criticarlle que fora con tanto atraso respecto a Europa”*

P.— En xeral, ¿que valoración lle merecen os resultados desta campaña?

R.— En principio hai que considerala un feito positivo. Cicais hai que criticarlle que se fixese con tanto retraso respecto a Europa. Aínda que si o foi para algúns establos, en xeral, os resultados non foron tan sanguentos como nun principio cabería esperar.

P.— ¿Podería contarnos cales foron as circunstancias que o levaron a encabeza-la delegación municipal que viaxou a Alemania e Dinamarca para merca-las preto de cen cabezas de gando?

R.— Os resultados que ía ofrecendo a campaña de saneamento neste Concello fixolle tomar conciencia ó goberno municipal da gravidade do problema que se derivaba do sacrificio masivo de reses e para conseguí-las máximas garantías á hora das reposicións, buscou o asesoramento técnico da Cooperativa Feiraco onde presto os meus servizos.

Despóis de ter dúas reunións cos gandeiros, acordouse formar unha comisión encargada de viaxar a estes países europeos coa finalidade de buscar neles as mellores reses con que poder repeñe-las cabezas eliminadas.

A comisión formouse co concellal Xosé Pedro Cambón, asimesmo empregado de Feiraco que xa colaborou connigo na importación de vacas e é, ademais, o encargado de leva-lo censo Gandeiro de Feiraco; e co Alcalde Luis García, a quen, obviamente, a viaxe ía permitirlle observar e tomar contacto con outras experiencias, para logo poder aplicar algunhas das solucións observadas á mellora das explotacións do Concello.

P.— ¿Cáles foron as razóns para escoller eses dous países europeos?

R.— Para Dinamarca, a razón é que teñen o mellor gando de Europa e cas maiores garantías sanitarias. Para poñer un exemplo teñen erradicada a tuberculose e a brucelose desde 1948 e 1952 respectivamente; respecto á febre aftosa é o único país europeo que está excluído de face-la vacunación.

Outros aspectos positivos do gando de Dinamarca é que están en posesión da máis alta calidade de produción e, ó mesmo tempo, cousa curiosa, os niveis máis altos en canto á cantidade. A única desvantaxa está en que estas vacas son un pouco máis pequenas, detalle que pode chocar coa mentalidade de moitos dos nosos gandeiros.

A opción de Alemania fíxose por canto, aínda que as calidades medias son un pouco máis baixas, teñen a dobre vantaxe de teren un precio máis barato e teñen máis corpo, polo que se fan máis atractivas para o campesiño.

De tódolos xeitos, ámbalas dúas son razas moi superiores a calquera raza actual en España.

P.— Maioritariamente ¿cal foi a opción preferida?

R.— En xeral os gandeiros optaron por unha ou outra raza segundo as súas posibilidades. A raza danesa foi a máis escollida pois trouxéronse setenta e dúas cabezas fronte ás vinte e seis que trouxemos de Alemania.

P.— A vista das primeiras reaccións dos campesiños, faga unha valoración da viaxe e da compra do gando.

R.— Hai que pensar que, en xeral, a xente de Galicia non está acostumada a ve-lo gando de fóra e, ademais, normalmente comprou sempre pola aparencia fiándose máis da súa intuición que do que din os papeis. A compra que fixemos foi fixándonos exclusivamente nas cartas xenéticas de cada vaca, escollendo sempre as mellores pero, claro, ó comprar por papeis, ó gandeiro sempre lle queda a dúbida de crelo ou non. Se nos fixásemos pola aparencia, seguramente atoparíamos vacas máis baratas e con mellor presentación pero a súa calidade xenética deixaba moito que desexar.

Teño que dicir que, gracias á organización do Concello, que foi perfecta, e a resposta dos gandeiros, que seguiron tódolos consellos que lles propuxemos, tódalas vacas chegaron coa cría e, en xeral, en moi bo estado. A pesares do risco que supón o transporte de cen xovencas preñadas, non houbo ningún problema, desmentindo así certos comentarios mal intencionados.

P.— ¿Qué diferencias importantes atopou entre as explotacións europeas e as explotacións galegas?

R.— En xeral estivo peor do que está, pero falta poñernos ó día. A diferenza de Galicia con Dinamarca é a mesma que existe entre unha gandeiría primitiva e atrasada e unha gandeiría moderna. Temos que ter en conta que temos ó noso favor uns medios naturais moi favorables; outros países con medios inferiores obteñen resultados superiores.

## *“A entrada na Comunidade Europea ten como positivo que nos vai a obrigar a moderniza-las explotacións”*

P.— ¿Qué aspectos positivos e negativos para Galicia atopa coa entrada de España na Comunidade Europea?

R.— Destacaría como aspecto moi positivo fundamentalmente, que nos vai a obrigar, de unha vez e rapidamente, a colle-lo tren da gandeiría moderna. As explotacións que temos están mal e a competencia vains a obrigar a mellorar necesariamente; seguramente cuns custos sociais tremendos, pero inevitables. A entrada na Comunidade Europea supón entrar nun mercado máis grande e moi competitivo onde os niveis de produción en rentabilidade das explotacións gandeiras son moi superiores ós de aquí.

P.— ¿Que diferencias fundamentais atopou entre o campesiño galego e o campesiño europeo?

R.— A nivel individual cada gandeiro europeo ten un grado de preparación cultural elevado para desenrola-la súa actividade. Consecuentemente teñen unha maior profesionalización do seu traballo vivindo exclusivamente do campo e con un nivel económico altísimo. En xeral, coñecen ben o seu traballo e acadan un nivel económico igual ó dun bo profesional.

## *“Temos ó noso favor a gran capacidade de reacción do campesiño galego”*

P.— Para rematar, ¿pode o campesiño galego ollar con esperanza o futuro dentro da Comunidade Europea?

R.— Os galegos temos que ter esperanza sempre no futuro, pois, dende hai máis ou menos sete anos que se empezou a oír o do Mercado Común, as explotacións melloraron moitísimo a como estaban. Polo tanto, creo que temos ó noso favor gran capacidade de reacción do campesiño. Ata agora fomos capaces de acercarnos ás calidades medias da Comunidade; fáltanos poñe-los precios ó mesmo nivel competitivo e, para iso, hai que acrecenta-la produción das explotacións que é o que temos por debaixo da media europea.

## O SIDA: unha enfermidade nova

**A** primeiros de 1981 comezaron a aparecer nos Estados Unidos de América persoas que padecían unha enfermidade cunha sintomatoloxía característica, que afectaba principalmente a determinados grupos sociais, como eran: drogadictos e homosexuais, e moitos deles orixinarios da illa caribeña de Haití.

De seguida se foi extendendo a outros países occidentais (Francia, Suíza, Alemaña, Inglaterra e incluso España), podéndose dicir na actualidade que practicamente está extendida por tódolos países do mundo. Xa se fala dela coma "a peste" do século vinte.

S.I.D.A., son as iniciais do que se coñece como Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida. Este é un estado de incapacidade do corpo para defenderse fronte a determinadas infeccións (neumonías, por exemplo), ou cánceres pouco habituais.

O culpable desta enfermidade é un virus chamado Virus de Inmunodeficiencia Humana (V.I.H.).

Este virus, ó entrar no corpo, pode atacar e destruí-lo sistema de defensas ou sistema inmunitario do mesmo. Deste xeito a persoa afectada queda exposta a enfermidades que en condicións normais non lle afectarían con tanta facilidade nin de forma tan grave.

O virus encóntrase no sangue, no semen, e na secreción, vaginal das persoas contagiadas; podendo tamén estar, pero en cantidades moi pequenas, noutras secrecións corporais, como na saliva e nas lágrimas.

Fóra do corpo, o virus é moi fráxil, os desinfectantes de uso común na casa que levan lexía, alcohol ou amoníaco, matan o virus aproximadamente nun minuto.

Para que unha persoa san se contaxie co virus, éste ha de ser capaz de chegar ó sangue, por tanto necesita unha porta de entrada. Esta porta de entrada pode ser: **Externa**, como un pinchazo, corte ou erosión que se produza sobre a pel; ou **Interna** que é a máis perigosa porque pode pasar inadvertida; por exemplo: na boca (enxibas sangrantes, úlceras); recto (desgarros, fistulas); Sexo da muller (pequenas feridas, infeccións).

Polo tanto son perigosas todas aquelas situacións que poidan poñer en contacto o sangue ou secrecións como o semen ou líquido vaginal dunha persoa enferma ou portadora do virus, cunha ferida na pel ou mucosa (boca, vagina, recto) dunha persoa san. Desta

forma as probabilidades de contaxiarse son seguras, cando se comparten con alguén que está infectado: xeringuillas, agullas, ou obxectos que pola súa función poidan contaminarse con sangue e á súa vez producilas (cortauñas, máquinas de afeitar, cepillos de dentes).

Como o virus pode estar no semen ou no líquido vaginal, pode transmitirse ó manter relacións sexuais cunha persoa infectada.

Por último unha nai afectada pode contaxiar ó seu fillo durante o embarazo ou parto.

Acabamos de falar das formas nas que é posible chegar a contaxiarse, pero existen outras nas que o contaxio nunca é posible que se produza: nos contactos familiares non sexuais como bicos, abrazos, acariños, compartindo vasos, tazas, usando retretes ou servicios hixiénicos, contactos sociais no traballo, na escola, locais públicos, transportes, etc.

Aínda que todos podemos chegar a contaxiarnos co S.I.D.A., o risco de contaxio non é igual para todos; como falabamos ó primeiro, existen uns grupos de xente que ten máis probabilidades:

- Drogadictos que consumen drogas por vía intravenosa.
- Homosexuais.
- Fillos nados de nais enfermas ou portadoras.
- Persoas que necesitan reiteradas transfusións de sangue ou derivados da mesma.

Sen embargo, as medidas que se aplican actualmente, tanto en bancos de sangue como nos laboratorios onde preparan derivados sanguíneos, permiten, mediante análises, detectala presenza do virus evitando o risco de infección.

Hai que deixar ben claro que o

contaxio non conduce sempre á enfermidade. O virus pode permanecer inactivo meses ou anos sen producir ningún sintoma. A persoa está san pero é portadora do virus e pode polo tanto transmitilo.

Para detectar a estas persoas existen probas de laboratorio. Unha proba positiva non significa que a persoa estea enferma de S.I.D.A. nin que vaia a desenrola-la enfermidade, so significa que estivo en contacto co virus e que pode transmitilo.

A maioría das persoas que teñen o virus non o saben, elas poden sentirse completamente ben, e nada do seu aspecto lle manifesta, nin siquera a elas mesmas que poidan estar contagiadas.

Polo de agora non existe tratamento efectivo para cura-lo S.I.D.A.. Estanse probando numerosos medicamentos pero sen grandes resultados.

As únicas medidas realmente eficaces son as preventivas, cas que se pode evita-lo contaxio, estas medidas son:

- Se unha persoa é drogadicta, debe abandonar as drogas; de seguir con elas, non debe compartir agullas, xeringuillas, nin outros utensilios.
- Cantas máis parellas sexuais se teña, máis grande será o risco de contactar con unha persoa infectada.
- A menos que se estea seguro da parella sexual, débese usar sempre preservativo.
- Non compartir obxectos íntimos: maquinillas de afeitar, cepillos de dentes, utensilios de manicura.
- Cuidado cos tatuaxes, acupuntura, perforacións do lóbulo da orella.

Para terminar, dicir que se ten a esperanza de chegar moi pronto a conseguila vacina que protexa contra esta enfermidade. Neste empeño traballan moitos científicos en todo o mundo.

A enfermidade do SIDA, fronte a outro tipo de infeccións ten como peculiaridade que o mellor remedio que se lle atopou ata agora consiste no seguimento escrupuloso das medidas de prevención.	EPIDEMIOLOXIA DO S.I.D.A.	
		%
	HOMOSEXUAIS .....	70-75
	DROGADICTOS .....	15-17
	HEMOFILICOS .....	1-3
	ORIXINARIOS DE HAITI.....	6-8
	MULLERES DE ENFERM. CON S.I.D.A.	1-3

# PRESUPOSTO MUNICIPAL 1988

- 90 Millóns a distribuir en cinco apartados
- Escasa recadación polos servizos municipais
- Mínima repercusión fiscal en cada veciño



A elaboración do presuposto municipal constitúe o eixo principal polo que se vai desenvolver case toda a actividade dun goberno, así como o tema principal dunha actividade política. O éxito de calquera goberno estriba fundamentalmente en saber introducir as súas promesas electorais en cada presuposto anual de tal xeito que, sen provocar tensións sociais nin crear discriminacións flagrantes entre zonas ou sectores particulares, se poida levar á práctica a maior parte do seu programa político.

A confección puntual do presuposto e o seguimento detallado do mesmo ó longo de todo o ano, garante a transparencia dunha xestión política e permite unha análise racional e clara da súa efectividade.

**C**erca de noventa millóns de pesetas (exactamente 89.625.625) é a cantidade de que dispón o noso Concello para facerlle frente ós seus compromisos durante o ano 1988. Isto supón nove millóns máis que o presupostado en 1987.

Como é costume de cada ano, traemos a ALTAMIRA unha pequena análise das distintas partidas.

## GASTOS

Como é lóxico, a maior tallada — 48,3 millóns de pts. — correspóndelle ó

apartado de "obras e servizos". Aquí entra o Plan Provincial de Obras e Servizos (20 millóns para camiños e 6 para ampliacións do alumado público), obras comunitarias nas aldeas (4 millóns), reparación e recibos de consumo do alumado público (5,5 millóns), servizo de recolla de lixo (1,7 millóns), materiais para obras dos convenios co INEM (2 millóns), combustible e reparación de vehículos municipais (2 millóns), confección de proxectos técnicos (3 millóns), traída de augas do Tremo, reparación de inmobles, seguros de vehículos, ferramentas, etc.

Con relación a 1987, este capítulo

baixou do 56 ó 53 por cento respecto do total.

O segundo capítulo en importancia é o de "persoal" (20,9 millóns): soldos e seguridade social dos sete funcionarios de prantilla (hai unha praza de auxiliar vacante que tamén entra no presuposto), do persoal de obras que se vai contratando ó longo do ano e mai-las asignacións dos membros da Corporación. A porcentaxe sobre do total baixou do 24% en 1987 ó 23% actual.

O apartado de "administración" ascende a 9,4 millóns e engloba gastos de oficina, compra dun ordenador, aportación para revisión do Catastro de Urbana que se vai acometer neste ano e intereses e amortización de préstamos.

Os dez millóns destinados a "educación e cultura" abarcan a atención a escolas, cursos de natación, acampada, viaxes da terceira idade, festas, premio Blanco Amor de novela, escolas de gaitas, baile e rondalla, mobiliario da Casa da Cultura, outras actividades culturais e revista ALTAMIRA.

Finalmente, á "beneficencia muni-

cial" (medicinas de familias acollidas á beneficencia, contribución ós servizos sociais de base e axudas a necesitados), destinase un millón de pesetas.

## INGRESOS

Como se pode observar no gráfico que se achega, cáseque as tres cuartas partes dos ingresos presupostados proveñen do Estado ou da Deputación e, aínda do resto, só se recadan directamente polo Concello sete millóns seiscentas mil pesetas.


Esta recadación directa comprende: 3,4 millóns polo imposto de circulación de vehículos, un millón de licencias de obras, outro millón dos servizos da paleadora ós particulares, 800.000 de Fenosa e 240.000 da Telefónica pola ocupación de terreos públicos, 450.000 pola taxa de abastecemento de auga, 350.000 por utilización de piscinas, 200.000 por taxa de expedición de documentos. O resto son cantidades insignificantes de impostos de publicidade, taxis, licencias de apertura de establecementos, etc.

A Delegación de Facenda ata o de agora ven xestionando o cobro de varios impostos. Estes son: a licenza fiscal do imposto industrial (1.250.000 de Fenosa pola represa do Tambre e 2.125.000 do resto das industrias e comercios), a licenza fiscal de profesionais (104.000) e as contribucións rústica (1.167.000) e urbana (3.600.000). Neste aspecto cómpre recordar que o noso Concello —que en anos anteriores subira o 10% a rústica e maila urbana e que unha sentenza do Tribunal Constitucional fixera volver), para este ano, deixouna no mínimo que permite a Lei, é dicir, non aumenta.

A suma do apartado anterior e mai-lo imposto de circulación de vehículos, repartido polo número de habitantes de cada Concello, dá o que tecnicamente se chama "esfuerzo fiscal". O esforzo fiscal de Brión, xa que logo, está en 1.640 pts; isto é o que dada veciño aportamos por término medio ó Concello e, en comparanza co nosos veciños inmediatos, somos dos que menos contribuímos: no ano pasado, Ames tivo un esforzo fiscal de 2.356 pts.; Negreira 3.486, Teo 2.458.

Os intereses das contas correntes suman sobre 700.000 pts. e a venda e aluguer de inmobles renderá unhas 866.000 pts.

Pediranse cerca de 8 millóns de préstamos para completar diversas inversións (obras do Plan Provincial, traída de augas do Tremos) e adquisi-



A pesares que o presuposto é o instrumento máis efectivo para facer calquera acción política que leve aparelado a mellora sustancial nunha determinada área de goberno: Educación, Servizos, Personal...; as obrigas contraídas, os gastos prefixados, as necesidades primordiais supoñen un gran condicionamento que fai que, en realidade, as posibilidades de facer grandes cambios sexan moi escasas.

A elaboración e execución dun presuposto de calquera goberno consiste fundamentalmente en facer unha boa xestión que garante unha distribución xusta e equitativa dos cartos, así como un bo aproveitamento nas inversións que se fagan cada ano.

ción dun ordenador para as oficinas.

A Deputación aporta para as obras do Plan Provincial uns 22,6 millóns de pesetas.

Deixamos para o final a tallada meirande do presuposto: os 41 millóns e medio que nos reparte o Estado dos seus presupostos. O feito de que o 46 por cento dos ingresos do concello proveñan do Estado, de primeiras, parece unha medida xusta: sempre é bo que o rico comparta a súa riqueza co probe. Mais, ben mirado, non resulta así: os presupostos do Estado destinaron este ano, para distribuír entre os concellos, 340 mil millóns de pesetas; se esa cantidade a dividimos entre os 40 millóns de españois, tocarían a 8.500 pts. e a Brión virían 60 millóns. ¿Onde van os 20 millóns que faltan?

Aquí é onde está a inxusticia; pois o reparto faixe por un complexo baremo, de tal xeito que os grandes concellos —ás cidades— lles toque a

máis e ós pequenos —ás aldeas—, a menos. Incluso se ten en conta o "esfuerzo fiscal" de que falabamos antes: o concello que máis castiga ós seus habitantes, recibe mellor tallada do Estado.

Así é que, por só citar concellos da nosa provincia, cando Brión recibiu o ano pasado 4.738 pts. por habitante, o concello da Coruña recibiu 7.675, Santiago 6.694 e as Pontes de García Rodríguez 6.873. Isto sen falar doutras prebendas que reciben do Estado as grandes cidades ás que se lles permiten escandalosos endebementos que logo o memo enxuga periódicamente.

Non entran no presuposto outras axudas imprevisibles que poidan vir doutros organismos do Estado ou da Xunta de Galicia nin os 8 millóns de superavit de 1987, pois esta cantidade, por lei, non se pode dispoñer dela ata que a liquidación dese ano estea aprobada.

## AS VENDAS AMBULANTES: Un tipo de negocio con gran risco de fraude



A Economía moderna caracterízase fundamentalmente por un estudio pormenorizado dos costumes das persoas así como das técnicas de penetración no mercado que busca sistemas cada vez máis efectivos de conquistar facer consumir un produto. Galicia polas súas estruturas socio económicas foi bastante allea ós asaltos das grandes multinacionais chegando a constituir unha auténtica "reserva social" fronte ás sociedades de consumo. As vendas a domicilio son o instrumento que están a utiliza-las empresas para meter ós campesiños na cadea do Consumo, moitas veces innecesario.

**D**esde hai algún tempo, as aldeas do noso Concello vense invadidas por unha serie de xentes descoñecidas que intentan vendernos as cousas máis diversas, desde a foto da nosa casa tomada a vista de paxaro ata unha enciclopedia que non temos a intención de ler.

Os brioneses afortunadamente somos hospitalarios e amables cos forasteiros, moita xente que ven de fóra quédase sorprendida do bo trato que se lle dispensa por parte da nosa xente; ata aquí todo vai ben, pero outra cousa é que intenten abusar da nosa boafé procurando meternos polos ollos cousas que non necesitamos para nada, incluso en ocasión usando o engano, que é o máis grave. Tal é o caso da

suposta "mellora das pensións". Vostede queda convencido do argumento, adianta os cartos e xa pode esperar sentado porque o paxaro voou.

¿Cómo é posible que a estas alturas alguén pense que nos van vender duros a catro pesetas? De ningunha maneira e baixo ningún concepto se deben adiantar cartos para nada; se non damos nada por adiantado podemos te-la seguridade de non ser timados nin estafados nunca.

Hai algún tempo por algunhas aldeas do Concello, uns falsos traballadores de Butano S.A. foron de casa en casa cambiando os tubos das bombonas e cobrando por un miserable cacho de goma de cinco pesos, mil ou dúas mil pesetas. O caso foi comentado e

serviu para que ós respetables veciños non lles dean gato por lebre nunca mais.

É unha pena perder esa xenerosidade e ese espírito aberto para cos que veñen de fóra, pero nun mundo cheo de tanta picaresca, non queda máis remedio que volverse recelesos e desconfiados.

Outro caso que se dou por ahí foi o do cursiño de máquinas de escribir, que sae a un precio desorbitado para o pouco servizo que presta: con tan poucas horas de clase loxicamente os rapaces acaban sabendo escribir a máquina tan mal como o primeiro día, despois de paga-lo servizo por bo.

A maioría das cousas que nos ofrecen teñen uns precios que non se corresponden coa calidade do produto, e para exemplo bastan o das fotos aéreas. ¿Non lles parece a vostedes exaxerado o que se paga por ahí por unha simple foto máis ou menos ben presentada, pero que non deixa de ser unha foto?

E que conste que o labor dun vendedor é moi respectable sempre que se faga dunha maneira seria e profesional, pero non ten nada que ver co feito de ir polas portas intentando lavárno-lo cerebro con artigos que non necesitamos para nada e que ademais son malos e caros. Iso é outra cousa, é charlatanería de mal feirante.

Na cidade, quen máis quen menos, anda como gato escaldado, xa ninguén quere saber nada de vendas, por iso nos caen a nós encima; o medio rural é un campo apenas explotado polos farsantes é ás veces moi productivo.

Ninguén dubida que algúns dos artigos que se venden por este sistema de venda directa é fiable, pero entre os poucos que poderían merece-la pena por ir avaliados por unha marca de prestixio, cántos hai que só son palla e conto barato.

Dá a impresión de que o que intentan vendernos na porta da casa é o que non consiguen colocar no mercado. E se non o venden no mercado por algo será.

Polo tanto, moito ollo., e non deixarse impresionar pola labia do primeiro que chegue, porque, se hai moitos timadores por ahí soltos, é porque tamén hai moita xente que se deixa enganar.



# NOTICIEIRO

## A 150 millóns de pesetas ascenden as perdas do último temporal.



O anterior número de ALTAMIRA abría ca noticia do temporal que se acababa de producir a mediados de outubro. Cando fechamos este número aínda non se acabaron as invernias. Poucos recordan un inverno de augaceiros tan persistentes e ventos tan entolecidos.

Poñemos agora, a xeito de balance que quede para o recordo, algunhas cifras dos danos que deixou no noso Concello o temporal de outubro. Nunha sesión da corporación Municipal que se celebrou ós poucos días para solicita-la declaración de zona catastrófica avaliáronse as perdas en cincuenta millóns de pesetas nas dotacións municipais (pistas, alumado público, pontes, etc.) e cen millóns as de particulares.

Tocante ós bens públicos, os máis danados foron os camiños, valorados en 44.705.000 pts. Houbo pistas que quedaron totalmente intransitables, caeron pontes, e infinidade de taxegas foron barridas.

En danos a particulares, a parte do arborado derrubado, que foi o máis castigado en todo o municipio, pero tamén o máis difícil de avaliar, cada zona sufrenos de formas distintas. Na zona alta do Municipio, especialmente Cornanda, as augas arrastraron a terra de leiras enteiras e derrubáronse

infinidade de barraxeiros. Moi castigadas foron tamén nesta zona pradeiras que se acababan de sementar, perdéndose non só os abonos e as sementes, senón os traballos de moitos días de paleadora.

Sen dúbida as parroquias máis castigadas foron as de Bastavales e Os Anxeles. Houbo aldeas enteiras que perderon a súa colleita de millo. Só as uveiras derrubadas que contabilizou o Concello deixaron unha perda de seis millóns de pesetas; en viño perdéronse dous millóns e en invernadoiros millón e medio.

Houbo casas destelladas, alpenderes caídos, animais afogados... Foi sonado o caso do porco que, axiña que se viu ceibo do cortello onde quedara asulagado, enfiou Sar abaixo a nadar e ós dous días alguén o atopou a catro quilómetros pacendo nas cortiñas de Ribasar, de onde llo volveron san e salvo ó seu dono. Ninguén se ocupou de reclamar para o porco a medalla do mérito naval ou algo semellante.

Houbo tamén varios hórreos derrubados e, algo que, a parte do valor económico, ten un valor sentimental e artístico; tamén apareceu totalmente esnaquizado o cruceiro das Doreas de Vioxo de Abaixo.

Para paliar-los efectos do temporal, a Xunta de Galicia

prometeu axudas (polas mesmas datas houbo as inundacións de Levante e o Goberno Central de contado o declarou zona catastrófica). O Concello tramitou 65 declaracións de particulares solicitando axudas e para os danos do Concello tamén ofreceron axudas varios organismos.

As listas das axudas a particulares están expostas na Consellería da Presidencia: as subvencións a fondo perdido andan no 30 por cento, a parte dos préstamos que se poidan solicitar.

### Arreglos dos efectos do temporal

Dese hai máis de dous meses, a brigada municipal tamén está a traballar sobre os efectos destructores que o último temporal tivo sobre camiños e estradas.

diversos organismos públicos se fagan cargo, a traveso de plans especiais de axuda dos danos ocasionados polo temporal, o Concello está a leva-las primeiras medidas de urxencia que recompoñan os desperfectos sobre todo nos lugares máis afectados, dunha maneira provisoria.

As primeiras medidas que se tomaron estiveron dedicadas a limpeza de escombros das estradas, retiradas de árbores e retirada das pedras dos muros que obstaculizaban os camiños. As partes máis afectadas dos servizos foron as taxegas, os cruces dos desaugues e as gabias atascadas que impiden a circulación normal das augas pluvias.

Outros danos reparados con certa urxencia polo perigo de obstrucción que estaban a ocasionar foron os múltiples esbarroamentos das estradas nalgúns puntos, que dificultaban a circulación normal de vehículos.

A persistencia das chuvias ultimamente dificulta en gran medida estos traballos, polo que as obras, anque seguirán, farano bastante lentamente.

## I Xornadas de Animación Socio-Cultural

No pasado mes de decembro, celebráronse no campamento-albergue de Gandarío, en Sada, as "I Xornadas de Animación Socio-Cultural", organizadas polo Consello da Xuventude da Coruña e pola Deputación Provincial. A estas xornadas asistiron representantes dos distintos concellos que forman a provincia, así como representantes de moitas asociacións de base.

Os temas que se trataron foron: dinámica e dirección de grupos, aire libre, bibliotecas e lectura, música e baile, deportes, teatro, casa de xuventude, casa da cultura, antropoloxía cultural, asociacionismo, instalacións, lexislación e subvencións e animación cultural.

Especial atención mereceu o papel dos "animadores culturais", que, como o seu nome indica, son os encargados de achega-la cultura á xente, de ensinar a aproveita-lo tempo libre, ben sexa fomentando a lectura, organizando conferencias, festivais, excursións, etc.

Nestas Xornadas anunciou-se que a Deputación ten asinado un convenio co Consello da Xuventude para organizar unha serie de actividades por comarcas, botando man daqueles temas que sexan de interese para cada zona, atendendo especialmente á xuventude e á terceira idade.

Agardemos que a onda chegue a Brión, con que vexamos un florecemento da cultura e que vaian aparecendo no concello e nas parroquias verdadeiros animadores culturais.

### Programa de animación xuvenil

O Concello de Brión está ultimando un programa de animación xuvenil dirixido a promociona-la participación da mocidade na vida cultural e social da comunidade. Este programa desenrolaríase coa colaboración dun grupo de Pedagogos da Universidade de Santiago. Para recibir máis información ou ofrecer suxerencias sobre o contido do programa, podédesvos dirixir á Casa do Concello.

## Apertura de pistas forestais no monte de Bastavales



A creación de pistas forestais e as futuras concentracións de montes son os instrumentos básicos de calquera política que busque a potenciación deste sector en base a conquistar unha maior rentabilidade na explotación do monte e a erradicación da praga dos incendios.

A pala municipal leva traballando preto de tres meses na apertura de pistas forestais no monte de Bastavales, tras vencer moitas dificultades pola falta de vontade da xente para a apertura dos camiños.

E lamentable que, despois de arder case todo o monte, os propietarios se dean conta da necesidade das pistas, conclusión á que se chegou tras

numerosas reunións dos responsables municipais cos propios veciños, moitas das que se celebraron no propio monte.

A rentabilidade do servizo da pala municipal nos case cinco anos que leva adquirida esta máquina polo Concello, está máis que comprobada, non só pola cantidade de camiños que se abriron ou anchearon dentro do termo municipal en todo este tempo, senón pola demanda de

utilización privada que ten permanentemente e por un custe moi inferior ó de outras palas privadas.

Este uso privado que presta a pala municipal resta moito tempo para poder adicarse ó uso público de apertura e ancheamento de camiños. Neste sentido e tamén á espera de que mellore un pouco o tempo que impide traballar nalgúns sitios, están pendentes da apertura as pistas das asociacións forestais de Vicoso e Ons, nas que se espera ademais a axuda doutra máquina que axude a rematar pronto o traballo.

Outras pistas pendentes de ser abertas pola paleadora municipal son as seguintes:

**BASTABALES E SAN SALVADOR:** Camiño do monte, Cirro, Saíme, Monte Perros a Cirro.

**LUAÑA:** Moldes, Mato, Espiñeiros, Goians e Tembra-Vioxo. **CORNANDA:** Campo de fútbol, rebaixe na escola, Vilariño, Alfonsín e de Alfonsín a Groño. **VICOSO:** Camiño das Asociacións forestais, Forxán a Ons, Pousada, Mourentáns.

**ONS:** Salaño, Ons de abaixo.

**BOULLON:** Monte de Tembra, camiños no Cantelar.

**BRION:** Rial, Boaventura e Pedrouzos a Gronzo.

**ANXELES:** de Souto a Gundín, de Souto a Gontande, Cabañas, de Souto a Gosende.

## Adquisición dun camión para a recollida de lixo



No último Pleno da Corporación municipal celebrado no mes de xaneiro foi aprobada a compra dun camión para o parque municipal, que será adicado principalmente a recollida de lixo.

A compra deste camión, que terá unha capacidade de carga útil de 8.000 quilos e levará incorporada unha grúa para elevar pesos de ata 800 quilos, sópoñerá unha notable mellora no servizo de recolla de lixo, ademais dun gran aforro económico.

Dado o custo actual da contrata do servizo de lixo por un transporte privado, as autoridades municipais contan poder desconta-la inversión nun prazo máximo de dous anos.

Este camión que levará incorporado un volquete, poderá ser utilizado tamén nas obras que realiza o concello de arreglo de estradas, transporte de terras e materiais, etc., polo que se garantiza a máxima utilidade e rentabilidade no seu uso, ó ser ese servizo realizado ata agora por contratas con empresas igualmente privadas e que supoñían un importante gasto anual do presuposto de obras.

O importe total desta adquisición elévase á contía de sete millóns, dos que a metade recíbese a modo de subvención pola Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e só lle corresponde ó Concello aporta-la outra metade.

## Mellora dos suministros eléctricos nalgunhas aldeas

Unha das máis tristes paradoxas de Galicia é sermos a Comunidade que maior enerxía eléctrica produce a traveso das súas Centrais Térmicas e Hidroeléctricas e, pola contra, termos a peor rede de distribución de toda España que fai que, aínda hoxe, teñamos lugares con graves deficiencias no suministro.

Dentro do plan de mellora da electrificación rural establecido por Fenosa e a Deputación Provincial, estanse a levar a cabo importantes melloras nos suministros de enerxía eléctrica ás aldeas de Cirro e Gándara, na parroquia de S. Salvador e Outeiro, da parroquia dos Anxeles, e en Sabaxáns e arredores, da parroquia de Bastavales.

O importe total das mello-

ras para as primeiras aldeas é de seis millóns de pesetas e de sete para as segundas.

As deficiencias do suministro eléctrico en moitos destes lugares ocasionaba numerosos prexuízos ós veciños que, tanto carecían da potencia necesaria para poderen ler ou poñer en marcha un electrodoméstico nas horas punta de máximo consumo, como, de repente, ó baixa-la tensión, tiñan unha alza de potencia tan inesperada que

queimaba os motores dos aparatos eléctricos e fundía as bombillas.

As melloras na electrificación van encamiñadas principalmente á renovación de liñas que permitan un maior suministro de potencia, como das instalacións de modernos transformadores que impidan esas subidas de potencia repentinas, que tanto dano ocasionan.

Neste mesmo Plan de electrificación rural, o lugar de Busto de Frades poderá contar con esta importante mellora ó resolverse favorablemente o pasado día 29 de xaneiro o expediente de expropiación dun propietario que non é veciño de Brión, e que se opuxera ó paso da liña pola súa finca.

# NOTICIEIRO

## Polémica sobre as prazas de interventores de 2.<sup>a</sup> categoría



A figura dos interventores constitúe nos grandes concellos unha das pezas fundamentais no control do gasto público. A obriga da súa introducción nos Concellos de segunda categoría suscita unha problemática que pon de manifesto o alonxado que está o lexislador da realidade que pretende controlar.

Unha disposición do Goberno Central ordenando a creación inmediata da praza de Interventor nos concellos conceptuados de 2.<sup>a</sup> categoría (os de 5.000 a 20.000 habitantes) suscitou unha pintoresca tirapuxa entre unhas e outras administracións durante o pasado mes de decembro. O asunto foi

primeira páxina dos diarios e nós traémolo aquí, non só por ser Brión un dos afectados, senón porque o noso Concello foi un dos que encabezaron a protesta.

Ata o de agora, as funcións de intervención (o Interventor é o encargado de controlar tódolos

gastos e ingresos do Concello), están encomendadas nesta categoría de concellos ó Secretario da Corporación. Madrid pretendía que en cada Concello que pasase de 5.000 habitantes houbera unha persoa adicada exclusivamente ás funcións de intervención; esta praza sería pagada por cada concello, pero estaría encomendada a un funcionario "con habilitación de carácter nacional", é dicir, a súa elección e nomeamento faríase desde Madrid.

Os concellos afectados son en toda España uns 214, correspondéndolle a Galicia 115.

A orde era terminante: as prazas deberían estar creadas e dotadas economicamente desde os primeiros deste ano.

Mais, a resposta dos concellos galegos foi unánime e expeditiva: nun telegrama enviado por tódolos concellos galegos afectados ó Presidente do Goberno, manifestaban a oposición decidida a tal disposición e a súa determinación de non aceptar unha praza das características que se pretendía impoñer. Isto era tanto como que máis de 100 concellos entraban en "desobediencia civil".

Os concellos quixeron deixar claro que non rexeitaban o cargo de Interventor nin a fiscalización económica que por

Lei ten que haber nos concellos. O que non lles parece lóxico é que, para controlar presupostos que en moitos casos non sobrepasan os 30.000.000 de pesetas, haxa que sostener unha persoa que vai custar uns catro ou cinco millóns ó ano. O máis que os concellos estaban dispostos a admitir era que as prazas de interventores se crearan en concellos con presupostos de máis de douscentos millóns de pesetas de presuposto anual ou, senón, que foran pagados por Madrid, cumprindo o dito de "quen che mandou traballar que che pague".

Polo de agora, dá a impresión de que a unión fixo forza e que os concellos saíron ca súa. Pero, unha vez máis, demostrouse que desde Madrid ven deformada a realidade de Galicia: fóra de aquí, o normal é que un concello de 5.000 habitantes teña a súa poboación agrupada nun ou dous núcleos, que dispoña dun aceptable desenvolvemento industrial e que presuposte ó ano trescentos ou cincocentos millóns de pesetas. En cambio, un concello galego desa poboación ten arredor de 100 núcleos de poboación, a súa xente malvivindo en miserentas explotacións agrícolas, cunha taxa de vellos altísima e un presuposto municipal de trinta e cinco millóns de pesetas, que se van en paga-lo persoal e nas máis elementais atencións de infraestrutura, maiormente camiños. Para isto non fai falla especialista que administre os cartos; o que se necesita é iso: cartos.

## Calendario de festas laborais

Poñemos a seguir o calendario laboral para o ano 1988 que publicou a Delegación da Coruña da Consellería de Traballo:

- 1 de xaneiro, Ano Novo.
- 6 de xaneiro, Día de Reis.
- 31 de marzo, Xoves Santo.
- 1 de abril, Venres Santo.
- 4 de abril, Luns de Pascua.
- 12 de maio, Ascensión do Señor (festa local en Brión)
- 2 de xuño, Corpus Christi.
- 25 de xullo, Santiago Apóstolo
- 15 de agosto, Asunción da Virxe.
- 27 de setembro, Santa Minia (festa local en Brión).
- 12 de outubro, Festa Nacional de España.
- 1 de novembro, Tódolos Santos.
- 5 de decembro, Inmaculada (trasladada).

## Os Códigos Postais do noso Concello

Hai máis de dous anos que Correos impuxo os códigos postais que deben figurar en tódolos enderezos das cartas que circulen en toda España. Este número asignado a cada rúa das cidades ou a cada parroquia das aldeas, non só se esixe nos

obxectos postais, senón que é un dato que se pide cada vez máis nos formularios oficiais xunto cos datos persoais.

Por iso, recordamos aquí os códigos postais sinalados ó noso Municipio:

Parroquias de OS ANXELES, BASTAVALES E SAN SALVADOR	15280
Parroquia de BRION	15865
Parroquias de LUAÑA e CORNANDA	15281
Parroquias de ONS e VICESO	15839

## Construcción dun parque infantil en Guitiande



Sempre é unha satisfacción conquistar que os rapaces teñan un lugar para eles, alonxado dos perigos e, ó mesmo tempo, preparado exclusivamente para divertirse e relacionarse cos demais nenos. A creación de parques en tódolos lugares é un obxectivo que se espera ver cumprido en pouco tempo.

A aldea de Guitiande da parroquia dos Anxeles contará proximamente coas instalacións dun pequeno parque infantil, no que se instalarán diversos

aparatos de diversión e entretemento para os máis meniños, entre os que se encontrarán: un tobogán, unha roda e diversas randeiras de cadeas.

O terreo onde se instalará este parque infantil que está a ser acondicionado, foi doado polos veciños da aldea no ano 1966 coa finalidade concreta de que se ubicase ali mesmo unha casa-escola. A construción posterior das escolas dos Anxeles invalidou o proxecto inicial de construción da escola en Guitiande polo que, dende entón, os terreos doados estiveron totalmente dispoñibles.

A decisión municipal de ubicar neses mesmos terreos un parque infantil dentro da súa política de creación de espazos libres para os xogos e diversión dos rapaces en tódolos lugares pouco a pouco, contou co beneplácito de tódolos veciños.

A única maneira de evitar que os rapaces na súa natural expansión non fagan dano ou corran riscos innecesarios por xogar en zonas perigosas, como son as estradas, é encauzalo seu esparcemento e xolda hacia lugares públicos de libre esparcemento onde poidan satisfacer as súas ansias de movemento.

## Arreglos na piscina de Brión



Despois de cada verán, e antes de que comece a seguinte campaña, tódalas piscinas do Concello pasan por unhas revisións, nas que se poñen a punto sistemas de acometida de auga e depuración da mesma.

A brigada de obras municipal estivo recentemente realizando unhas obras de mellora na piscina de Brión con un custo que se acerca ó millón e medio de pesetas.

Concretamente a mellora ia dirixida á substitución da vella maquinaria depuradora da piscina que tiña importantes deterioros causados polo óxido.

Para poder extrae-la maquinaria vella e introduci-la nova, tívose que abrir no muro que linda co Colexio de Pedrouzos un gran ventanal. A nova maquinaria que ven a sustitui-la anterior, é das máis modernas e, para evita-lo efecto do óxido sobre as tuberías e demais mecanismos, ven confeccionada case exclusivamente de plástico.

Tódalas piscinas, cada ano, por estas datas, son obxecto dunhas revisións tanto nas instalacións como nas depuradoras, que son as que garantizan unhas condicións hixiénicas imprescindibles para o uso público.

Moitas son as enfermidades que poderían transmitirse, sobre todo para a pel, no caso no que as piscinas non reunisen as condicións hixiénico-sanitarias obrigatorias para este tipo de instalacións.

## Arreglo no adro dos Anxeles

A brigada de obras municipal estivo ó longo de case dous meses recompoñendo o muro do adro da igrexa dos Anxeles que se derrubou como consecuencia das fortes chuvias caídas no último temporal de decembro.

O custo total da obra de reconstrución dos preto de vinte metros de muro que houbo que levantar novamente, supera o medio millón de pesetas.

Este muro, construído en pedra e reconstruído co mesmo material, viña sufrindo dende hai anos pequenos danos periódicos que se foron arreglando pouco a pouco. A irrupción inesperada do temporal de decembro propiciou un reblandecemento de terras moi acusado que trouxo como consecuencia un efecto de maior presión da mesma sobre o muro ocasionado este gran derrubamento.

Ademais do efecto do

temporal, os técnicos municipais sospeitan que o aumento do tránsito de vehículos pesados pola pista de enriba, xunto co desenrolo das raíces das árbores



O último temporal do mes de outubro ocasionou numerosos estragos no noso Concello, tanto nas casas particulares coma nos edificios públicos. Neste caso atópase a Igrexa dos Anxeles que sufríu no muro do seu adro os efectos da espectacular caída de auga que produciu o derrubamento.

que bordean o adro favorece así mesmo o aumento da presión sobre as paredes do muro.

A nova reconstrución fíxose con tódalas garantías que eviten novos estragos, asentando ben as novas paredes sobre os cementos do fondo.

## Poetas da casa de ALTAMIRA (I)



### RODRIGO OSORIO DE MOSCOSO

*"La poesía delicada es un empleo poderoso de la vida".*

Juan Ramón Jiménez

Florece no alborear da España imperial e renacente. Coa espada e coa pluma contribúe ó esplendor daquel momento histórico español, labrándose a preciada aureola de héroe e de poeta, meta ideal do espírito cabeleiresco do seu tempo. Don Rodrigo Osorio de Moscoso continúa a rica tradición poética de Galicia de fragancia inigualable nas aristocráticas cortes de amor do lirismo medieval. Fiel tamén a un súbtil vínculo de sangue, que o avencella a unha das cimas da poesía universal: Jorgue Manrique.

Froito de dous apelidos ilustres — de D. Pedro Osorio de Villalobos e de D.<sup>a</sup> Urraca de Moscoso— une os títulos de conde de Trastámara e de ALTA-

MIRA. Designación, coidadosamente planeada por D. Lopez Sánchez de Moscoso, seu curmán e primeiro conde de Altamira, a quen sucede en Marzo de 1479. Testamento de D. Lope: Santiago, 15 de Abril de 1503).

Na santiaguesa e señorial RUA DO CAMIÑO tivo o regazo cálido da súa casa solariega. Era o maior de catro irmáns varóns: Don Rodrigo, Don Alvaro, Don Bernal e Don Alfonso: un refinado clan de distinguidos próceres. Don Alfonso figura no séquito, que acompañara á princesa D.<sup>a</sup> Juana a Flandes (1496) para o seu casamento co arquiduque D. Felipe "el Hermoso". Don Alvaro, bispo de Astorga (1515-1539) recibe da corte encomendas tan delicadas como a tutela do futuro emperador, Fernando I de Habsburgo —que fai unha sonada defensa da liberdade de conciencia na reapertura do concilio de Trento (1562)— compañeiro de primeiras letras do terceiro conde de Altamira, D. Lope Osorio de Moscoso, "noble y magnifico en toda cosa", unha "esforzada" lanza nas campañas

imperiais de Italia e na coroación de Carlos V en Bolonia (1530).

Un halo de exquisitez intelectual e galantería cortesana brilla con Don Rodrigo Osorio de Moscoso na lexenaria morada feudal dos "cabezas de lobo heráldicas", protagonistas implacables de medio século de historia, pródiga en escuras fazañas, na Terra de Santiago, que aloumiñaría máis dunha novela romántica. Adornado de prendas humanas inestimables, deixou na casa de Altamira unha estela de simpatía, de espiritual distinción e inmaculada elegancia:

"Este conde tenía buena persona de hombre; era delgado, bien hecho y de buena estatura, gracioso en su habla, de buena crianza, buen caballero de ambas las sillas, muy suelto de correr y saltar, tirar la barra, la lanza y el dardo; tañedor de viola y de guitarra. No se agradaba de gente ruin. Y cuando iba a la corte no comportaba cosa de que le viniese mengua" (Vasco de Aponte. RECUEENTO DE LAS CASAS ANTIGUAS DEL REINO DE GALICIA).

O ímpetu místico e soñador da súa alma cabaleiresca non lle permitiu demorarse na pracidade idílica do seu feudo señorial.

"Estando este conde en su casa próspero y gran señor, como él deseaba de multiplicar mucho y servir a Dios y al rey", embarca na flota, que sae para a conquista de Orán: Maio de 1509. Cisneros noméao despois deste triunfo lugartenente do exército de Africa. Investido de tan alto caudillaxe apréstase —ó lado de Pedro Navarro— á conquista de Bujía: Xaneiro de 1510, na que acada un nimbo inmarcesible: "en servicio de Dios Nuestro Señor fue muerto en la toma de la ciudad de Bugía, que la poseían los moros", reza una cédula de Carlos V de 1519.

Traído "en una nao" a Galicia, descansa en Compostela baixo o resplandor oxival da capela maior de Santo Domingo de Bonaval, relicario e brasón da súa excelsa prosapia.

Atrae polos bordados e adornos que a orlan, a beleza da estatua xacente da súa dona D.<sup>a</sup> Teresa de Andrade, finada nos primeiros días da privamera de 1509, nas TORRES DE ALTAMIRA. Ruínas hoxe, que inda semellan amosar un xesto altivo de onírica fidalguía no apacible horizonte briónés, entre recender de piñeirais e a amante nostalgia da hedra agarimosa.

Benito Salvado Martínez

## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL



## Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados.

BASTAVALES - SANTIAGO

## Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elexir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**LA VASCO  
NAVARRA**  
SOCIEDAD ANÓNIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

# PASATEMPOS


### HORIZONTAIS

- 1.— Calzar ou cubrir cón pedras.
- 2.— Canle moi pequena. - (Ó revés) Importante premio para profesionais de televisión en USA.
- 3.— Numera-las páxinas dun libro. - S
- 4.— Pedazo, porción. - N - Importante constante da circunferencia.
- 5.— N - Animal mítico que tiña forma de cobra con pés e ás e que botaba lume pola boca.
- 6.— (Ó revés) Lugar onde se realizan os labores da malla de froitos. - O
- 7.— Pequeno mamífero carnívoro - LT
- 8.— Cociñan ó lume. - Planta moi aromática.

### VERTICAIS

- 1.— Torta feita de masa e rechea de carne ou outras sustancias.
- 2.— Voltas dun río ó chegar ó curso baixo.
- 3.— Paxaro confeccionado con papel.
- 4.— Ciencia da moral. - EIM.
- 5.— Persoa que ten dominio sobre algo. - GOÑE.
- 6.— Tramo final dun val asulagado polo mar. - (Ó revés) Río asturián.

- 7.— (Ó revés) Pariente en primer grado. - (Ó revés) sonido que emite a campá.
- 8.— Contestación.



### SOLUCIÓNS ÓS ANTERIORES PASATEMPOS

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	S	A	R	A	M	P	O	N
2	A	M	E	N	E	I	R	O
3	R	E	V	O	L	D	A	S
4	D	R	O	G	A	I	X	C
5	A	I	L	A	Z	N	E	O
6	U	Z	T	R	U	C	A	R
7	N	A	A	S	O	H	I	O
8	A	R	S	E	N	A	L	L

### SOPA DE LETRAS

Buscar en tódalas direccións posibles, de dereita a esquerda, de esquerda a dereita, de arriba abaixo, de abaixo arriba e en diagonal, o NOME DE DEZ ARBRES.

F I G U E I R A C O S I A T I R  
I T A D A S I N O R I R U L E O  
S O L U C C A I Ñ O I T A S P M  
C L E R O M O R I E Ñ I T S A C  
A L R D R E C R X I M O C A S O  
R A I O T P M I O P E R A I M A  
I B S R I M E C T O R E M A L R  
C R A S C R N A P E T I E R O I  
L A M T E O R I E Ñ I P N I S E  
I C T C I A C A D A C O E M U R  
R O I A R C N I Ñ E R O I S A E  
I S C S A L G U E I R O R I O P  
M A P I L T E I X E A P O Y T S  
S I L A R A N X E I R A C O S A

Para sabe-los cromos que tiña Luis habería que proceder ó revés, é dicir, calculando os cromos que lle dou ó último rapaz, que forzosamente tiveron que ser dous, porque a metade de dous e máis ún volve a ser dous e, polo tanto, non lle quedaría deste xeito ningún cromo. A partires de ahí, calcúlense tódolos cromos que levaron os demais compañeiros ata seis dobrando a cantidade de cromos e sumando todo ó final.  $2 + 4 + 8 + 16 + 32 + 64 = 126$

## FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

**José Caramés**  
*Brion (Santa Minia)*

Materiais para Construcción e Saneamento, Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal, Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio, Traidas de Auga, etc.

## ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCULTURAS

## EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N  
Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA

## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL



## Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

## AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

## Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:  
BASTAVALES

SANTIAGO



**LA VASCO  
NAVARRA**  
SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Mesón - Parrillada

### A' Roda

Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PINTURA \* DECORACION

## SANTIAGO OTERO

**TODO EN DROGUERIA** PAVIMENTOS - MOQUETAS  
PAPELES - MURALES  
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14-bajo  
Teléfonos 563713-594449-884012 SANTIAGO



PANADERIA

## SERRAMITO

*Os Anxeles-Brión*  
Tel. 88 31 55



## Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES SANTIAGO



MARCELINO  
LEMA  
LOBATO  
**LEMA**

ASERRADERO  
ASTILLADORAS  
MADERAS

Fábrica y Oficinas:  
Telf. (981) 883034 - Part. 590191  
BASTAVALES - SANTIAGO  
(Coruña - España)

## MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez  
Mourentáns - Viceso (Brión)  
Teléfono 89 99 51  
Fanse presupostos sen compromiso

**Miele**  
ordeño

**COMAGRO**  
COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S.L.

INSTALACIONES DE ORDEÑO  
REPUESTOS - ACCESORIOS

CRUCE DOS ANXELES - BRION  
Teléfono 88 32 50

ASESORIA LABORAL Y FISCAL

**FEYCA**

Seguros U.A.P.

Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109  
BERTAMIRANS - AMES

**Academia "SAR"**  
(CENTRO OFICIAL DE ENSINO)

Mecanografía e Prácticas de Oficina  
(Con expedición de Diploma autorizado)  
**INFORMATICA:** Prepáranse Oposiciones para acceso á Función Pública  
**INGLES:** Recuperacións Escolares:  
E.X.B. - B.U.P. e C.O.U.

Avda. da Mahía, 134 - Telf. 88 39 25  
BERTAMIRANS